

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDO CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2017-2018.

De conformidade con competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación vixente e consonte o marco xurídico definido polo RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócase a concesión de bolsas para comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela. De conformidade co previsto na Base 2, terán un importe de 360.000,00 €, dos cales, 144.000,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 48001/17 e os 216.000,00 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2018.

Para a concesión de bolsas para comedor escolar e para actividades extraescolares por causas sobrevindas que establece a Base 8 non se reserva importe ningún xa que é difícil prever o volume de solicitudes que se poidan producir neste sendo.. En todo caso, dita concesión estará supeditada á existencia de crédito suficiente.

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito cando o aumento veña derivado como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, o que non requirirá dunha nova convocatoria de conformidade co previsto no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

A concesión destas bolsas farase consonte as seguintes BASES REGULADORAS:

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares ás unidades familiares e de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan persoas menores de idade ao seu cargo escolarizadas en centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, e que estean matriculadas ou teñan reserva de praza para o curso 2017/2018, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. MODALIDADES DE BOLSAS E FINALIDADE

A. Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos

Estas bolsas están destinadas a aquelas unidades familiares e de convivencia que, por escaseza de recursos económicos, teñen dificultades ou non poden facer fronte aos gastos relacionados coa escolarización das persoas menores que teñen ao seu cargo. Poderán optar a tres tipos de bolsas:

A.1. Bolsas de comedor: destinadas a facer fronte ao custo do servizo de comedor.

A.2. Bolsas para a realización de actividades extraescolares: destinadas a sufragar actividades educativas, deportivas, culturais e xuvenís que se realicen nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

A.3. Bolsas para adquisición de material escolar para o alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil, destinadas a sufragar o material necesario para o inicio e desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e das súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, papelería, material funxible etc).

B. Bolsas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares e de convivencia

Bolsas de comedor destinadas a sufragar o custo do comedor a aquelas unidades familiares ou de convivencia que teñan dificultades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral.

As bolsas para comedor escolar concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes, non sendo admisibles solicitudes para comedor na modalidade de fixos discontinuos nin esporádicos.

3. PERÍODOS SUBVENCIONABLES

Servizo de comedor:

- De setembro de 2017 a xuño de 2018 (ambos os dous incluídos)
- De non prestarse nos meses de setembro e xuño: de outubro de 2017 a maio de 2018 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de setembro: de outubro de 2017 a xuño de 2018 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de xuño: de setembro de 2017 a maio de 2018 (ambos os dous incluídos)

Realización de actividades extraescolares:

- De outubro de 2017 ata xuño de 2018 (ambos os dous incluídos)

Adquisición de material escolar:

- De setembro ata 31 de outubro de 2017.

4. BENEFICIARIAS

- 4.1.** Terán a condición de beneficiarias as unidades familiares e de convivencia empadroadas no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obrigatoria.
- 4.2.** Poderán solicitar estas axudas as nais, pais, titoras/es legais ou persoas encargadas da garda e protección dos menores ao que se refire o punto anterior.
- 4.3.** Para os efectos desta convocatoria, considéranse membros computables da unidade familiar:
- a) Os cónxuxes ou titores/as legais, ou parellas de feito.
 - b) Os fillos e fillas menores de idade.
 - c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

Entenderase por familia monoparental, consonte o previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a unidade familiar formada por unha única proxenitora ou proxenitor, con fillos/as menores ao seu cargo, que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o/a outro/a proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento e acrediten esta situación mediante sentenza de separación ou divorcio (matrimonios) ou sentenza de garda, custodia e alimentos (para parellas de feito) xunto coa sentenza por impago das pensións ou o xustificante de inicio das actuacións.

No caso de custodia compartida, achegaranse os datos económicos e laborais de ambos os dous proxenitores.

Os ingresos de todos os anteditos membros teranse en conta para determinar a situación económica da unidade de convivencia.

En ningún caso poderán ser destinatarios de bolsas de comedor os proxenitores/as privados/as da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou a garda dos menores fose asumida pola Administración Pública con competencias na materia, acordando un acollemento residencial.

5. REQUISITOS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS

5.1.- REQUISITOS COMÚNS PARA AS FAMILIAS BENEFICIARIAS DE AMBAS AS MODALIDADES:

- Estar empadroadas, residir de forma efectiva no concello de Santiago de Compostela e convivir cos menores de idade para os que se solicita a bolsa.

- Ser o/a proxenitor/a, posuír a tutela legal do menor ou menores para os que solicite a bolsa, ter concedido o acollemento familiar destes ou un permiso de convivencia autorizado pola administración pública con competencias na materia .
- Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso 2017/2018.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- No caso das bolsas de comedor, o/a menor ou menores para os que se solicita a bolsa deberán contar con praza de comedor. De non ser así, aínda que sexa concedida, a axuda non se fará efectiva.
- No caso de ser beneficiaria de bolsa de comedor escolar durante o curso pasado, ter satisfeito mensualmente a achega económica que correspondía aboar.
- Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar, agás os meses de setembro e xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese servizo. Non se admitirán solicitudes na modalidade de fixos descontinuos nin esporádicos.

5.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE A (BOLSAS POR ESCASEZA DE RECURSOS)

- Non superar a renda per capita o máximo de 6.390,13 € anual de: 6.390,13 € (IPREM), de conformidade co baremo establecido na base 9.
- Alcanzar un mínimo de 10 puntos, en aplicación do baremo
- No caso das bolsas para actividades extraescolares, o/a menor ou menores para quen se solicita a bolsa deberán contar con praza nelas e presentar por rexistro xeral unha certificación da matrícula nas actividades extraescolares na que conste o nome da(s) actividade(s) e o(s) seu(s) prezo(s). Así mesmo deberán informar ao Departamento de Servizos Sociais de calquera cambio que se produza na dita inscrición.

5.3. REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE B (BOLSAS POR CONCILIACIÓN)

- Non superar a renda máxima familiar anual: 22.365,46 € (3,5 veces o IPREM anual).
- Acreditar a xornada laboral de ambos os cónxuxes ou titoras/es legais ou das parellas de feito ou soamente da persoa solicitante no caso de separacións, divorcios e familias monoparentais.

Os anteriores requisitos deberán reunirse ao remate do prazo de presentación das solicitudes e manterse ao longo do curso escolar.

6. OBRIGAS DAS UNIDADES FAMILIARES E DE CONVIVENCIA BENEFICIARIAS

6.1.- Todas as unidades familiares e de convivencia beneficiarias destas bolsas teñen as seguintes **obrigas**:

- A persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar autorizarán, de xeito expreso, o Concello de Santiago de Compostela para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Seguridade Social, de xeito telemático, os datos necesarios para a determinación da renda da unidade familiar.
- Autorizar o Concello de Santiago á recollida e tratamento de datos de carácter persoal dos membros da unidade familiar ou de convivencia, coa única finalidade de utilízalos para as xestións, procedementos e consultas derivadas da presentación desta solicitude e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pagamento das bolsas ás entidades colaboradoras previstas na base 13 desta convocatoria.

- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento das bolsas.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectúe o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos incluídos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na base 20 desta convocatoria.

6.2.- As unidades familiares e de convivencia beneficiaras das bolsas de comedor e das actividades extraescolares, terán, ademais, as seguintes **obrigas**:

- Utilizar o servizo de comedor e asistir ás actividades extraescolares, salvo causa xustificada e debidamente documentada.
- Autorizar o Concello de Santiago de Compostela para ingresar o importe das bolsas que, se é o caso, sexan concedidas na conta bancaria da entidade colaboradora correspondente.
- Comunicar coa debida antelación ao servizo de comedor xestionado polo centro escolar, a ANPA ou empresa adxudicataria e/ou á organización das actividades extraescolares as ausencias das persoas menores que por calquera causa xustificada se vaian producir, con indicación dos días nos que terán lugar. No caso de non facelo, o Concello poderá revogar a bolsa de comedor.
- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais, a través do Rexistro Xeral do Concello, as baixas que soliciten no servizo de comedor ou nas actividades extraescolares.
- Cumprir as normas establecidas no regulamento interno para o servizo de comedor.
- Aboar puntualmente a diferenza entre o custo mensual do comedor e/ou das actividades extraescolares e a(s) bolsa(s) concedida(s) que non financie este programa municipal.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse segundo os modelos normalizados que se inclúen neste documento (anexo I e anexo II) e que estarán a disposición das persoas interesadas na Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, na Oficina de Atención á Cidadanía e na páxina web www.santiagodecompostela.gal. Deben presentarse debidamente cubertas, xunto coa documentación que se detalla nas bases 10, 11 e 12, no Rexistro Xeral do Concello, na rúa do Presidente Salvador Allende, 2-4, ou no Rexistro Auxiliar do Centro Sociocultural O Ensanche, rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo, así como nos órganos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes presentaranse no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso, de que ao presentar a solicitude quede pendente de achegar algunha documentación, esta só poderá presentarse durante o prazo previsto para a presentación de solicitudes; de non facelo no dito prazo, as persoas solicitantes deberán agardar á fase de emenda e mellora das solicitudes que prevé a seguinte base.

7.1 EMENDA E MELLORA DAS SOLICITUDES

No suposto de que as solicitudes de iniciación non cumpran os requisitos establecidos nestas bases ou a documentación presentada fose incompleta, o Departamento de Servizos Sociais **publicará** no taboleiro de anuncios do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, da Oficina de Atención ao Cidadán e na páxina web do Concello www.santiagodecompostela.gal un requirimento que conterà a relación de solicitudes que deben ser emendadas, con indicación do número de identidade da persoa

solicitante, para que no prazo de 10 días corrixan a falta ou acheguen os documentos preceptivos, indicándose que, se non o fixeran, se considerará que desistiron das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima da violencia de xénero con orde de protección, a publicación prevista nesta base substituírase pola notificación individual, cando así se solicite expresamente pola persoa interesada na súa solicitude, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e, en cumprimento da Lei orgánica de medidas de 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

7.2 POLÍTICA DE PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselles ás persoas solicitantes, que os seus datos serán tratados de xeito confidencial e incorporáranse a aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago coa finalidade de xestionar as bolsas que se regulan nestas bases. Todos os datos solicitados son necesarios para atender a solicitude de ditas bolsas e o feito de presentarse á convocatoria presupón a autorización para o acceso a súa obtención, consulta e emisión de documentos.

Así, pois, as persoas solicitantes autorizan á recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal e os dos seus fillos e fillas menores de idade, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago. Asimesmo, autorizan ao Concello de Santiago a incluír nas publicacións previstas nesta convocatoria os documentos de identidade das persoas solicitantes (NIF/NIE), e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das bolsas de comedor escolar e/ou das actividades extraescolares ás entidades colaboradoras previstas na base 7 desta convocatoria, para o que deberán asinar debidamente a folia num. 2 do anexo I destas bases reguladoras.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención, publicidade e cesión dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

8. BOLSAS PARA COMEDOR ESCOLAR E/OU ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES POR CAUSAS IMPREVISTAS

Poderán admitirse solicitudes ao longo de todo o curso escolar, dado o carácter aberto desta convocatoria segundo o previsto no artigo 59 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando conorra algunha das seguintes circunstancias con posterioridade ao peche da convocatoria ordinaria:

- a) Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, o que deberá acreditarse coa presentación do certificado escolar, inscrición no Padrón municipal ou outra documentación suficientemente xustificativa.
- b) Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse mediante a documentación xudicial correspondente.
- c) Cambios na situación sociofamiliar que teñan como consecuencia o risco social das/dos menores, que será valorado e xustificado mediante informe municipal descritivo da devandita situación, emitido polo persoal técnico dos diferentes puntos de atención de Servizos Sociais que correspondan pola zona de residencia.

Estas solicitudes presentadas por causa imprevista deberán cumprir os mesmos requisitos que se detallan nesta convocatoria e achegar toda a documentación preceptiva.

Unha vez recibida, se a documentación é insuficiente ou está incompleta requirirase á persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Transcorrido ese prazo sen que a persoa interesada procedese á emenda correspondente, a devandita solicitude entenderase rexeitada logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a concesión de bolsas para comedor escolar e para actividades extraescolares, por causas imprevistas non se reserva importe ningún, dado que non é posible prever o volume de solicitudes que se poden producir. En todo caso, a súa concesión estará supeditada á existencia de crédito suficiente.

Para a concesión destas bolsas constituirase unha comisión de seguimento, formada polos membros da comisión de avaliación a que fai referencia esta convocatoria, que avaliará as solicitudes ao abeiro dos criterios de valoración establecidos e emitirá un informe co resultado da dita avaliación. A resolución corresponde á Xunta de Goberno Local, logo do trámite de audiencia aos interesados, consonte o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN. BAREMOS

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar os ingresos económicos para ambas as modalidades, terase en conta a declaración da renda do exercicio fiscal de 2015 e computaranse os importes contidos nas casas 380 e 395 (base imponible xeral mais base imponible de aforro) de cada declaración.

Nos casos en que a capacidade económica das unidades familiares ou de convivencia experimentase unha variación significativa en relación coa que consta na declaración da renda do exercicio de 2015, esta poderá ser comprobada de oficio ou por pedimento das persoas interesadas, que terán que manifestar esta circunstancia na súa solicitude e acreditar a nova situación económica.

No caso de separación ou divorcio con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores serán incluídas dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de familias reconstituídas, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as súas rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

9.1. BAREMO ECONÓMICO MODALIDADE A: POR ESCASEZA DE RECURSOS

Para esta modalidade terase en conta a renda *per capita* anual (RPCA), que son os ingresos netos anuais da unidade familiar de convivencia divididos entre o número de membros computables da devandita unidade familiar, tendo en conta que computarán por dous os membros da unidade familiar que figuren na solicitude e teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

	Situación económica da unidade familiar de convivencia		Puntos
	Renda <i>per capita</i> anual (RPCA)		
9.1.1.	<= 0,50 veces o IPREM	Menor ou igual a 3195,06 €/ano	12 puntos
9.1.2.	Máis do 0,50 e ata 0,60 veces o IPREM	Dende 3195,07 ata 3834,07 €/ano	10 puntos
9.1.3.	Máis do 0,60 e ata o 0,70 veces o IPREM	Dende 3834,08 ata 4473,08 €/ano	8 puntos
9.1.4.	Máis do 0,70 e ata 0,80 veces o IPREM	Dende 4473,09 ata 5112,10 €/ano	6 puntos
9.1.5.	Máis do 0,80 e ata 0,90 veces o IPREM	Dende 5112,11 ata 5751,11 €/ano	4 puntos
9.1.6.	Máis do 0,90 e ata o IPREM	Dende 5751,12 ata 6390,12 €/ano	2 puntos
9.1.7.	Máis do IPREM	Mais de 6390,12 €/ano	0 puntos

O IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente para 2017 é de 532,51 €/mes, o que supón unha anualidade de 6.390,12 €/ano (12 pagas).

Para os efectos do cálculo da renda *per capita* computarán por dous os membros da unidade de convivencia que figuren na solicitude e teñan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %.

9.2. BAREMO ECONÓMICO PARA A MODALIDADE DE CONCILIACIÓN

Poderán ser beneficiarios de bolsas de comedor escolar pola modalidade de conciliación aquelas unidades de convivencia que contén cunha renda familiar anual máxima igual ou inferior a 22.365,46 €. P este respecto, enténdese por renda familiar, a agregación de todos os ingresos de cada un dos membros computables.

A maiores, e dependendo da situación sociolaboral, teranse en conta as seguintes circunstancias:

	TIPO DE XORNADA	PUNTOS
9.2.1	Actividade laboral con xornada parcial por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou titor/es)	1
9.2.2	Actividade laboral xornada completa por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou titor/es)	2

9.3. BAREMO DA SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR: PUNTUABLE PARA AMBAS AS MODALIDADES DE BOLSAS (A E B)

Unha vez valoradas as circunstancias económicas (modalidade A: escaseza de recursos) e as laborais (modalidade B: conciliación), terase en conta a situación sociofamiliar:

	SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR	PUNTOS	
9.3.1.	Familias numerosas con 4 fillos/as ou máis.	5 puntos	
9.3.2.	Familias numerosas con 3 fillos/as, ou 2 no caso de ter estes algunha discapacidade	4 puntos	
9.3.3.	Situación de violencia de xénero no contorno familiar das e dos menores de acordo co disposto na Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.	3 puntos	
9.3.4.	Familia monoparental	2 puntos	
9.3.5.	Discapacidade	Dende o 65% ata 74%	1 punto
		A partir do 75%	3 puntos
9.3.6	Familia acollidora ou con permiso de convivencia acordado pola administración pública	2 puntos	

Se hai varios membros na unidade de convivencia con discapacidade, puntuará só a situación dun deles, o que teña maior gradación.

9.4.- APLICACIÓN DOS BAREMOS POLAS DIFERENTES MODALIDADES

As persoas solicitantes deberán facer constar no impreso de solicitude a modalidade pola que optan ás bolsas municipais de comedor escolar, isto é por escaseza de recursos ou por conciliación, sendo excluíntes entre elas. En cada unha delas aplicaranse os baremos específicos establecidos nos apartados anteriores.


A puntuación global será, pois, a resultante de sumar a puntuación específica (situación socioeconómica ou sociolaboral) coa puntuación sociofamiliar, de ser o caso.

Para ser beneficiarios dunha bolsa pola modalidade de carencia de recursos é necesario ter unha puntuación mínima de 10 puntos.

Para ser beneficiarios dunha bolsa pola modalidade de conciliación é necesario ter unha puntuación mínima de 2 puntos.

10. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA POR MODALIDADES.

A documentación que se debe presentar para a tramitación de cada unha das modalidades é a seguinte:



A	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE CARENCIA DE RECURSOS
10.1.1.	Impreso de solicitude (anexo I) cuberto e asinado por cada un dos membros computables da unidade familiar (titor/a ou titores/as legais, nais, pais, acolledores...)
10.1.2	Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.
10.1.3	Fotocopia completa do libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa
10.1.4	A acreditación do empadramento/convivencia será recadada de oficio polo Departamento de Servizos Sociais
10.1.5.	Impreso de autorización para a consulta de datos das diferentes administracións públicas necesarios para a tramitación do expediente (anexo II).
10.1.6	Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no centro para o curso 2017/2018, indicando curso e ciclo de escolarización.
10.1.7	Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no servizo de comedor o curso 2017/2018, con indicación do prezo estimado
10.1.8	Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no nas actividades extraescolares para o curso 2017/2018, indicando o período e prezo estimado.
10.1.9	Xustificante do número de conta bancaria onde desexan que se realice a transferencia da contía da bolsa, só no caso de solicitar bolsas para material escolar (só alumnado do 2º ciclo de educación infantil),

B	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE CONCILIACIÓN
10.2.1.	Impreso de solicitude (anexo I) cuberto e asinado por cada un dos membros computables da unidade familiar (titor/a ou titores/as legais, nais, pais, acolledores...)
10.2.2	Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.
10.2.3	Fotocopia completa do libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa
10.2.4	A acreditación do empadramento/convivencia será recadada de oficio polo Departamento de Servizos Sociais
10.2.5.	Impreso de autorización para a consulta de datos das diferentes administracións públicas necesarios para a tramitación do expediente (anexo II).
10.2.6	Copia do contrato de traballo ou certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda).
10.2.7	Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no centro para o curso 2017/2018, indicando curso e ciclo de escolarización.
10.2.8	Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no servizo de comedor o curso 2017/2018, con indicación do prezo estimado
10.2.9	Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no nas actividades extraescolares para o curso 2017/2018, indicando o período e prezo estimado.

11. DOCUMENTACIÓN NON OBRIGATORIA: DE ENTREGA VOLUNTARIA PARA OBTEN OS BENEFICIOS DE APLICACIÓN DO BAREMO SOCIOFAMILIAR.

Estes documentos non son obrigatorios, pero serán necesarios se se quere acceder á puntuación adicional referida á situación sociofamiliar. A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos de seguido dentro do prazo de solicitude ou emenda suporá a non valoración no correspondente epígrafe do baremo que se recolle na base 9.3.

	SITUACIÓN QUE PUNTÚA NO BAREMO	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA QUE DEBE ENTREGAR
11.1.	Familia numerosa	Fotocopia do carné de familia numerosa en vigor
	Situación de violencia de xénero	Acreditación da situación de violencia, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo)
11.2.	Familia monoparental	Familias formadas por un único proxenitor
		Separación ou divorcio ou separacións de feito
	Viuvez	
11.3.	Discapacidade	Fotocopia da certificación ou da tarxeta que acredite o grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
11.4.	Familia acollidora ou con permiso de convivencia	Resolución da Administración Autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia.

12.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA ACREDITAR A PERDA DE CAPACIDADE ECONÓMICA E O NIVEL DE INGRESOS ACTUAIS

Cando as persoas solicitantes indiquen que a súa situación económica sufriu un empeoramento significativo no último ano e que manifesten esta circunstancia na solicitude, deberán achegar a seguinte documentación acreditativa:

	SITUACIÓN	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA
12.1.	Traballo por conta allea	Fotocopia das tres últimas nóminas
12.2.	Traballo autónomo	Fotocopia dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social e liquidacións dos pagos fraccionados dos últimos 3 meses.
12.3.	Pensionista	Xustificante da pensión mensual
12.4.	Para acreditar perda de emprego ou diminución de xornada laboral	Informe da vida laboral completo e actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de cada un dos membros computables da unidade familiar. Só se admitirán aqueles que teñan unha antigüidade como máximo de un mes á data da convocatoria. As persoas que teñan a condición de empregados da Administración Pública e a súa vida laboral réxase por entidades distintas á Seguridade Social (MUFACE, ISFAS etc.) deberán de presentar certificación que substitúa á vida laboral.

	SITUACIÓN	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA
12.5.	Perceptora/or de prestación por desemprego	Certificación de prestacións do SEPE (antigo INEM) do último mes, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.
12.6.	Perceptora/or de RISGA	Copia da resolución da RISGA
12.7.	Perceptor/a da renda municipal ou da prestación de rescate social para a cobertura de necesidades básicas.	Farano constar na solicitude e será recadado polo Departamento de Servizos Sociais
12.8.	Outras prestacións	Certificados emitidos polas Administracións Públicas correspondentes relativos a calquera outra prestación.

13. ENTIDADES COLABORADORAS

Serán entidades colaboradoras os centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela que xestionen directamente o servizo de comedor e as actividades extraescolares, as asociacións de nais e pais (ANPAS) destes centros educativos que xestionen o dito servizo e/ou actividades ou, se é o caso, a empresa adjudicataria para a prestación do servizo de comedor escolar e calquera entidade que realice a prestación de actividades extraescolares para os anteditos centros, que non estean incursas en ningún dos supostos de prohibición contidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

14. OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

Son obrigas das entidades colaboradoras as seguintes:

- a. Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de comedor escolar (anexo III).
Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de actividades extraescolares (anexo IV).
- b. Garantir o servizo de comedor e actividades extraescolares durante o curso escolar.
- c. Achegar a seguinte documentación:
 - Fotocopia do NIF/CIF da entidade colaboradora.
 - Documentación que acredite a titularidade da conta bancaria.
 - Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d. Os anexos de aceptación como entidade colaboradora, así como a documentación prevista nos apartados anteriores, deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 15 días hábiles dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
- e. Comunicar as incidencias que se produzan en relación co alumnado beneficiario ao Departamento de Servizos Sociais.
- f. Xustificar a asistencia do alumnado e a entrega dos fondos percibidos, cubrindo as certificacións a que fai referencia a base 19 desta convocatoria e que figuran nos anexos V e VI.
- g. Someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, para o que se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

15. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

15.1. Concesión de bolsas para unidades familiares e de convivencia con **escaseza de recursos económicos**:

Concederanse bolsas polo seguinte importe ás familias que obteñan maior puntuación como resultado da suma dos baremos establecidos anteriormente:

- ✓ Bolsas de comedor: abonarase o 90 % do custo do comedor escolar ata un máximo de 90 euros/mes.
- ✓ Bolsas de realización de actividades extraescolares: abonarase o 100 % do custo da actividades e ata un máximo de 30 euros/mes.
- ✓ Bolsas de adquisición de material escolar: ata un máximo de 60 euros (pagamento único), dependendo do gasto realizado.

En ningún caso o importe da bolsa recibida pode superar o 100 % do custo do servizo, actividade e/ou material subvencionado. En todo caso, a concesión das bolsas estará suxeita á existencia do crédito orzamentario correspondente.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adjudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de beneficiarios por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior puntuación na base 9.1, referida á situación económica da unidade familiar.
3. Maior puntuación na base 9.3, referida á situación sociofamiliar.

Aquelas familias que obteñan unha puntuación de 10 ou máis puntos e non resulten beneficiarias dunha bolsa de comedor ou de actividades extraescolares porque a totalidade de bolsas concedidas ás familias con maior puntuación supere o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria quedarán nunha listaxe de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistimento dunha bolsa concedida, esta bolsa concederase á familia en lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

15.2. Bolsas de comedor para a **conciliación** da vida persoal, familiar e laboral.

Concederanse ata 50 bolsas, por importe de 45,00 euros/mes, a aquelas unidades familiares e de convivencia que obteñan maior puntuación, segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adjudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de beneficiarios por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior xornada laboral.

De persistir o empate, a orde de prioridade asignarase atendendo á renda *per capita* da familia, adjudicándose as bolsas por orde inverso á magnitude da dita renda, xa que logo terase en conta a renda máis baixa.

Aquelas familias que obtendo puntuación suficiente non resulten beneficiarias de ningunha bolsa de comedor porque a totalidade das concedidas ás familias con maior puntuación supera o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria quedarán nunha listaxe de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistimento dunha bolsa concedida, a dita bolsa concederáse á familia da lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

16. INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO E CONCESIÓN DAS BOLSAS

As bolsas obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases e adxudicando, cos límites fixados nesta convocatoria e dentro do crédito disponible, aquelas que obteñan a maior puntuación en aplicación dos baremos establecidos.

A valoración das solicitudes corresponderá a unha Comisión Avaliadora, nomeada para tal efecto pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde entre o persoal dos diferentes servizos da Área de Acción Social e da que formará parte como secretario, un traballador/a do Concello, adscrito á mencionada Área ou de calquera outra Concellaría que asuma estas funcións, con voz e sen voto, designado por Alcaldía, a proposta do Secretario/a Xeral.

O Departamento de Servizos Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de persoa beneficiaria, para o que poderá pedir cantos informes considere necesarios e fará constar que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás bolsas.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita comisión de avaliación, que avaliará as solicitudes das bolsas, poñendo de manifesto os criterios utilizados de acordo co contido nestas bases, e emitirá o seu informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada, ao amparo dos criterios fixados nas bases desta convocatoria.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, a vista do expediente e do informe da antedita comisión, formulará **proposta de resolución**, á que se refire o artigo 24 LXS, que incluírá: a relación de solicitudes presentadas, con indicación do documento de identidade da persoa solicitante, o centro escolar ao que asisten os menores, o número de puntos acadados, o número de bolsas concedidas, o importe mensual e total destas. Así mesmo, recollerá, as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento e as que, se é o caso, pasen a conformar as listas de agarda previstas nas bases. Esta resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais, Saúde e Diversidades, da Oficina de Atención á Cidadanía e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal) para os efectos de reclamacións e concederáse un prazo de 10 días, a contar desde a data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión das bolsas, e ditará resolución motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e publicarase na mesma forma que a resolución provisional.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 42-43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sen prexuízo do disposto no artigo 46, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

Tanto as listaxes da resolución provisional como as definitivas publicaranse unicamente co número do documento de identidade das persoas solicitantes para salvagardar a súa identidade e a do alumnado beneficiario.

Exclusión das listaxes: Cando a nai, titora ou representante legal teñan a condición de vítima de violencia de xénero, e consideren que non debe recollese na publicación das listaxes o centro escolar ao que pertence o alumnado beneficiario, deberán indicalo expresamente na solicitude. Esta situación acreditarase mediante a orde de protección ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

17. INCIDENCIAS PRODUCIDAS DESPOIS DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Calquera incidencia que se produza despois da resolución desta convocatoria será resolta pola Xunta de Goberno Local, logo de presentada a solicitude e a documentación que acredite a incidencia no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 7.

O traslado de centro escolar ao longo do curso dentro do municipio non supón para o alumnado beneficiario a perda da bolsa, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de prazas.

No referente ás actividades extraescolares, permitirase un cambio de actividade ao trimestre, que deberá ser acreditado pola entidade colaboradora correspondente.

En cumprimento do establecido na base 6 desta convocatoria, a renuncia a calquera modalidade de bolsa deberá formalizarse mediante escrito que se presentará nos anteditos rexistros, sen prexuízo da obriga de comunicalo coa debida antelación ás entidades colaboradoras prestadoras destes servizos. O incumprimento destes trámites poden dar lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

18. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As bolsas concedidas a través desta convocatoria serán compatibles con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe total de todas elas non supere o custo total correspondente.

Non obstante, serán excluíntes as bolsas de comedor escolar pola modalidade de escaseza de recursos coas de conciliación, debendo cada persoa solicitante optar só por unha das modalidades.

19. PAGAMENTO DAS BOLSAS E XUSTIFICACIÓN

19.1. Bolsas de comedor e actividades extraescolares

O Concello de Santiago de Compostela aboará mensualmente as contías das bolsas concedidas ás entidades colaboradoras, logo da autorización da nai/pai/titor/a ou persoa acolledora, no momento de formalizar a súa solicitude. As familias beneficiarias deberán aboar mensualmente a diferenza respecto ao custo do comedor ou das actividades extraescolares que lles corresponda.

A contía destas bolsas pagarase a mes vencido na conta bancaria da entidade colaboradora (centro escolar, ANPA ou empresa adxudicataria do servizo de comedor ou das actividades extraescolares).

As entidades colaboradoras emitirán unha certificación mensual na que se fará constar a utilización do servizo de comedor e a asistencia ás actividades extraescolares por parte do alumnado beneficiario, así como a aplicación dos fondos recibidos ao pagamento do servizo de comedor ou ás actividades extraescolares segundo o caso. Estas certificacións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 9 desta convocatoria nos dez primeiros días do mes seguinte a xustificar. A non presentación da devandita certificación no prazo indicado suporá a non tramitación e a demora no pago das correspondentes bolsas.

19.2. Bolsas para a adquisición de material escolar

O Concello de Santiago de Compostela aboará nun pagamento único a contía da bolsa concedida para a adquisición de material escolar por medio de transferencia bancaria ás unidades familiares e de convivencia beneficiarias.

As unidades familiares e de convivencia deberán presentar as facturas orixinais dos gastos pola adquisición do material escolar, con data límite o 31 de outubro de 2017, no Rexistro Xeral do Concello. O pago realizarase unha vez aprobada a xustificación correspondente das facturas presentadas.

20. REVOGACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

20.1. Procederá a **revogación** das bolsas de comedor concedidas nos seguintes supostos:

- a) Non destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
- b) Incumprimento por parte da persoa beneficiaria da bolsa de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- c) A ocultación de información se esta motivou a concesión das bolsas.
- d) A falta de asistencia inxustificada continuada e/ou intermitente ao centro escolar e ao comedor ou ás actividades extraescolares durante 15 días naturais.
- e) O incumprimento polo alumnado das normas establecidas para o servizo de comedor ou das actividades extraescolares, polo centro educativo ao que pertenza.


Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

20.2. Todas as demais **causas de reintegro** que contén o título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

20.3. Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo das especialidades que establece a normativa vixente en materia de subvencións públicas.

21. RÉXIME DE RECURSOS

Contra as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos no título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou calquera outro adecuado a dereito.



ANEXO I

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (pai, nai, titor/a ou persoa acolledora)

1º APELIDO		2º APELIDO		NOME	
DNI/NIE		ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
TELEFÓNO		CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DO ALUMNADO E MODALIDADE/S DE BOLSAS QUE SE SOLICITAN

APELIDOS E NOME					
CENTRO ESCOLAR		CURSO			
MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA* (incompatibles entre si A e B)					
A.) Bolsas por escaseza de recursos		A.1. Comedor		<input type="checkbox"/>	
		A.2. Actividades extraescolares		<input type="checkbox"/>	
		A.3. Adquisición material escolar (só 2º ciclo de infantil)		<input type="checkbox"/>	
B.) Bolsas por conciliación (só comedor) <input type="checkbox"/>					

APELIDOS E NOME					
CENTRO ESCOLAR		CURSO			
MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA* (incompatibles entre si A e B)					
A.) Bolsas por escaseza de recursos		A.1. Comedor		<input type="checkbox"/>	
		A.2. Actividades extraescolares		<input type="checkbox"/>	
		A.3. Adquisición material escolar (só 2º ciclo de infantil)		<input type="checkbox"/>	
B.) Bolsas por conciliación (só comedor) <input type="checkbox"/>					

APELIDOS E NOME					
CENTRO ESCOLAR		CURSO			
MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA* (incompatibles entre si A e B)					
A.) Bolsas por escaseza de recursos		A.1. Comedor		<input type="checkbox"/>	
		A.2. Actividades extraescolares		<input type="checkbox"/>	
		A.3. Adquisición material escolar (só 2º ciclo de infantil)		<input type="checkbox"/>	
B.) Bolsas por conciliación (só comedor) <input type="checkbox"/>					

A persoa que solicita **DECLARA**

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, que non se omite ningún dato e que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento ou calquera outra actuación fraudulenta.
- Que autoriza o Concello de Santiago para ingresar a contía das bolsas de comedor escolar e de actividades extraescolares, no caso de resultar beneficiaria, na conta bancaria da entidade colaboradora que proceda, segundo o caso.
- Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que reúne os requisitos esixidos e acepta todos os termos incluídos nesta convocatoria, polo que SOLICITA a/as bolsa/as que se regulan nela.

Sinatura da persoa solicitante:

Santiago de Compostela, de de 2017.

Folla 1

CUBRIR E ASINAR FOLLAS 1 E 2 DESTE ANEXO I

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	NIF/NIE	Data nacemento	Parentesco c/ solicitante	Sinatura
			SOLICITANTE	

Número de membros, incluída a persoa solicitante, con discapacidade:

Indico que a miña situación económica sufriu un empeoramento significativo respecto ao último ano e solicito acollerme ao establecido na base 12 presentando a documentación prevista nela

AS PERSOAS ASINANTES NA TÁBOA ANTERIOR.

DECLARAN BAIXO RESPONSABILIDADE SOLIDARIA:


1. Que aceptan a totalidade das bases desta convocatoria.
2. Que, no caso de resultaren beneficiarias dalgunha modalidade das bolsas establecidas, cumprirán con todas as obrigas establecidas nas bases desta convocatoria.
3. Que se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

AUTORIZAN, consonte o disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a base 22 desta convocatoria, a recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal e dos dos seus fillos e fillas menores de idade, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago. Así mesmo, autorizan o Concello de Santiago á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pagamento das bolsas de comedor escolar e de actividades extraescolares ás entidades colaboradoras previstas na base 13 desta convocatoria.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención ou publicidade dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso, terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas de comedor escolar ou, se cómpre, á revogación do acto de outorgamento e ao reintegro do importe concedido.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2017



POR FAVOR, MARQUE CUN X AS OPCÍONS QUE SE AXUSTEN Á SÚA SITUACIÓN FAMILIAR E QUE ACREDITARÁ COA PERTINENTE DOCUMENTACIÓN

SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- Familia numerosa
- Situación de violencia de xénero
- Separación ou divorcio
- Separacións de feito con fillas/os recoñecidas/os no libro de familia
- En caso de acollemento dos/as menores, resolución administrativa ou auto xudicial
- Familia monoparental:
 - familias formada por un/unha único/a proxenitor/a
 - separación ou divorcio, con sentenza por impago de pensións
 - viuvez


- Familia acolledora ou con permiso de convivencia
- Existencia de membro/s con discapacidade na unidade familiar
- Menores en situación de garda e custodia compartida

TIPO DE XORNADA LABORAL (para a modalidade B; por conciliación)

- Actividade laboral con xornada **parcial** para unha/un ou ambos/as os/as titores/as legais
- Actividade laboral xornada **completa** para unha/un ou ambos/as os/as titores/as legais

Santiago de Compostela, , de de 2017.

Sinatura da persoa solicitante:




DOCUMENTACION QUE SE ENTREGA COA SOLICITUDE

Impreso de solicitude, cuberto e asinado por cada un dos membros computables (anexo I)	OBRIGATORIA
Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.	OBRIGATORIA
Fotocopia completa do libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa	OBRIGATORIA
A acreditación do empadramento/convivencia obterase de oficio	OBRIGATORIA
Impreso de autorización para a consulta de datos das diferentes administracións públicas necesarios para a tramitación do expediente (anexo II)	OBRIGATORIA
Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no centro para o curso 2017/2018, indicando curso e ciclo de escolarización.	OBRIGATORIA
Xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza no servizo de comedor o curso 2017/2018, con indicación do prezo estimado	OBRIGATORIA , no caso del bolsas para comedor escolar
Xustificante de ter praza, de ter realizada a preinscrición ou da reserva de praza nas actividades extraescolares para o curso 2017/2018, indicando o período e o prezo estimado.	OBRIGATORIA , no caso del bolsas para actividades extraescolares
Xustificante do número de conta bancaria onde desexan que se realice a transferencia da contía da bolsa, só no caso de solicitar bolsas para material escolar (alumnado do 2º ciclo de educación nfantil).	OBRIGATORIA , no caso del bolsas para material escolar
Copia do contrato de traballo ou certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda).	OBRIGATORIA , só no caso das bolsas por conciliación .
Fotocopia do carné de familia numerosa en vigor	OPTATIVA
Acreditación da situación de violencia, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo)	OPTATIVA
Fotocopias da sentenza e convenio regulador ou da sentenza de asignación da garda, custodia e alimentos xunto coa copia da solicitude de execución da sentenxa presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións por impago da pensión.	OPTATIVA
Fotocopia do certificado de defunción	OPTATIVA
Fotocopia da certificación ou da tarxeta que acredite o grao de discapacidade	OPTATIVA
Resolución da Administración Autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia.	OPTATIVA

DOCUMENTACIÓN PARA VALORAR O EMPEORAMENTO DE CIRCUNSTANCIAS ECONÓMICAS, SE É O CASO

Fotocopia das tres últimas nóminas	OPTATIVA
Fotocopia dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social e liquidacións dos pagamentos fraccionados dos últimos tres meses.	OPTATIVA
Xustificante da pensión mensual	OPTATIVA
Informe da vida laboral completo e con antigüidade máxima dun mes emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de cada un dos membros computables da unidade familiar.	OPTATIVA
Certificación de prestacións do SEPE do último mes, con indicación da contía mensual, se é o caso	OPTATIVA
Copia da resolución da RISGA ou doutras prestacións asistenciais.	OPTATIVA
Certificados emitidos polas administracións públicas relativos a calquera outras prestacións.	OPTATIVA



ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POIDA OBTEN INFORMACION E DATOS DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E ORGANISMOS OFICIAIS PARA O PROCESO DE CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2017-2018

A(s) persoa(s) que asinan abaixo autoriza(n) o Concello de Santiago de Compostela para que poida obter directamente ou por medios telemáticos os datos precisos para determinar a renda a través da Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como a obter a información da Seguridade Social, Catastro, Concello, rexistros públicos ou de calquera outro organismo de calquera administración pública que sexa precisa para o procedemento de concesión das bolsas de comedor escolar, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o curso 2017-2018.

Esta autorización outorgase exclusivamente para o procedemento mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria que permite, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME	NIF	SINATURA

B. DATOS DOS RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (unicamente maiores de 18 anos) QUE TAMÉN PRESTAN AUTORIZACIÓN:

PARENTESCO	APELIDOS E NOME	NIF	SINATURA

Santiago de Compostela, de de 2017

NOTA: A autorización concedida por cada asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao órgano autorizado.

- ANEXO III -

ACEPTACIÓN PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR

DATOS DO CENTRO, ANPA OU EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO DE COMEDOR

NOME		REPRESENTANTE CENTRO ESCOLAR, ANPA OU EMPRESA	
CIF	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	
TELEFÓNO	CORREO ELECTRÓNICO		
CENTRO/S EDUCATIVO/S NOS QUE SE PRESTA O SERVIZO			

Acepta participar como entidade colaboradora na xestión das BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR desta convocatoria e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, así como as establecidas na propia convocatoria.

Con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF/CIF da entidade colaboradora.
- Documentación que acredite a titularidade da conta bancaria.
- Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Lugar, data, sinatura e selo da entidade

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2017

A persoa representante

Asdo.: _____

- ANEXO IV -

ACEPTACIÓN PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

DATOS DO CENTRO, ANPA OU EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

NOME		REPRESENTANTE CENTRO ESCOLAR, ANPA OU EMPRESA	
CIF	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	
TELEFÓNO	CORREO ELECTRÓNICO		
CENTRO/S EDUCATIVO/S NOS QUE SE PRESTA O SERVIZO			

Acepta participar como entidade colaboradora na xestión das bolsas de ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES desta convocatoria e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, así como as establecidas na propia convocatoria.

Con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF/CIF da entidade colaboradora.
- Documentación que acredite a titularidade da conta bancaria.
- Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Lugar, data, sinatura e selo da entidade

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2017

A persoa representante

Asdo.: _____



BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR POR CONCILIACION								
SOLICITANTE	DNI SOLICITANTE	ALUMNO	DIAS LECTIVOS	Nº DIAS DE ASISTENCIA	Nº DIAS AUSENCIAS (1)		IMPORTE DIA/MES	CUSTO DO SERVIZO (2)
					XUST	NON XUST		
							IMPORTE TOTAL	

2. Que os fondos que se reciban do Concello de Santiago de Compostela en concepto de bolsas de comedor escolar serán destinados a finalidade para a que foron concedidos.


E para que conste, para os efectos oportunos, expido esta certificación en Santiago de Compostela o _____ de _____ de 201__.

Asdo.(3) _____

(1) XUST = XUSTIFICADAS - (1) NON XUST = NON XUSTIFICADAS

(2) IMPORTE A PAGAR POLO CONCELLO POLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO MES QUE SE CERTIFICA

(3) XUNTO COA SINATURA POÑER O SELO DA ENTIDADE



2.- Que os fondos que se reciban do Concello de Santiago de Compostela en concepto de bolsas de actividades extraescolares serán destinados a finalidade para a que foron concedidos.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido esta certificación en Santiago de Compostela o _____ de _____ de 201__.

Asdo.(3) _____

- (1) XUST = XUSTIFICADAS - (1) NON XUST = NON XUSTIFICADAS
(2) IMPORTE A PAGAR POLO CONCELLO POLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO MES QUE SE CERTIFICA
(3) XUNTO COA SINATURA POÑER O SELO DA ENTIDADE